

SÓLODOS EN DANZA / OURENSE / 2018 WORKSHOPS

Master Class de Danza Contemporánea para Profesionais con Mikel Arístegui
23 nov: 18.00h - 19.30h / Sala Apego / Auditorio Municipal de Ourense

Master Class de Danza Contemporánea para Maiores 60 anos con Erick Jiménez · SóloDOS
24 nov: 10.00h - 11.00h / Sala Apego / Auditorio Municipal de Ourense

Master Class de Danza Contemporánea para Profesionais con Miguel Ángel Punzano · Tejido Conectivo
24 nov: 17.00h - 18.30h / Sala Apego / Auditorio Municipal de Ourense

Master Class de Contact para Estudantes con Miguel Ángel Punzano + Andrea Amor · Tejido Conectivo
24 nov: 18.45h - 20.00h / Sala Apego / Auditorio Municipal de Ourense

Inscripcións gratuitas por orde de recepción ata agotar prazas. Envíanos o teu nome, apelidos, email, idade, teléfono de contacto e a Master Class á que queres asistir a: info@solodos.es

As persoas inscritas terán unha entrada para ver os espectáculos.



"Bailo, sinto, comparto" Master class con Mikel Arístegui Master Class para profesionais

Para bailar hai que sentir, compartir e moverse. Nesta master class faremos eso e máis. Un traballo de escoita e de disposición para compartir e para vivir novas sensacións cun grupo de xente nun espazo concreto. Unha vivencia que se vivirá neste momento e con ese grupo, algo único e inigualable.

Mikel Arístegui

Nos seus xa case 30 anos como profesional, Mikel desenvolveu un traballo de diálogo consigo mesmo, a dous ou nun grupo e a súa arquitectura espacial como consecuencia da necesidade de amoldarse a calquer traballo ou proposta coreográfica. Non é necesaria unha experiencia nalguna técnica de danza aínda que ésta axuda; o importante é a claridade consigo mesmo e a disponibilidad para a comunicación a través do movemento. Exercicios sinxelos porannos en movemento e en conexión a niveis físicos e emotivos. Arístegui traballou como bailarín con Sasha Waltz & Guess durante casi 10 anos, con Dv8 Physical Theater durante 3 anos na produción "Just for show" e como coreógrafo co director de teatro Thomas Ostermeier, na Ópera "Orpheo e Euridice" e para a Compañía "Dantzas" entre outros. No 2018 estrea no Auditorio Municipal de Ourense a súa primeira peza producida en Galicia: *In Between*, con Nuria Sotelo e Rosabel Huguet.

"Danza Contemporánea e Saude" con Erick Jiménez - SóloDOS Master Class para maiores de 60 anos

Exercicios específicos, lixeiros, sinxelos que traballan a resistencia muscular, mobilidade articular, equilibrio, coordinación, ritmo e memoria.

Erick Jiménez

Como artista escénico traballou e estudou diferentes técnicas corporais. Nos últimos 10 anos interesouse pola saúde a través da danza e o movemento, desenvolve e investiga unha metodoloxía especialmente na prevención e recuperación de lesións.

"Arquitecturas no Aire" con Miguel Ángel Punzano + Andrea Amor · Tejido Conectivo Master Class para estudantes

Arquitecturas no Aire é unha pedagogía do Contact improvisación. El Contact improvisación é unha disciplina cunha natureza que se basa no contato (entre dúas ou máis persoas) e a improvisación. É unha disciplina inclusiva que permite disfrutar da súa práctica aínda tendo moi poucos recursos de movemento. Non obstante, require dunha aprendizaxe técnica e metodolóxica para non magullarnos nin magullar a ninguén e para dispoñer de máis ferramentas de movemento que nos permitan disfrutar infinitamente máis da práctica.

"Corpo Sutil" con Miguel Ángel Punzano · Tejido Conectivo Master Class para profesionais

Unha experiencia para ampliar os horizontes da fisicalidade persoal e entender o corpo e o movemento dun xeito máis versátil. Unha proposta para profundizar no coñecemento do corpo e o movemento. Un traballo pensado para aprender a movernos con menos tensión, conseguir unha maior disponibilidad para o movemento e aumentar a nosa capacidade para aprender, executar e explorar os nosos límites tanto físicos como mentais. Comenzaremos cun traballo estrutural e propioceptivo destinado a activar todas as capas de tecido do corpo, abrir os espazos articulares e crear espazo para o movemento sen tensión. Continuaremos cun traballo de movemento que combinará unha parte de búsqueda e outra parte coreográfica.

Miguel Ángel Punzano é cinturón negro de Judo pola Federación española. Licenciado en Ciencias da Actividade Física e o Deporte (Universidad de León). Graduado en Danza Contemporánea no Conservatorio Profesional de Danza de Alicante. Graduado en kinesiología Holística pola Escuela Menz Venilia (Barcelona). Traballou como profesor de Anatomía e Biomecánica aplicadas á Danza no Conservatorio Profesional de Danza de Alicante. Como intérprete traballou coa Compañía Otradanza, dirixida por Asun Noales (España) e colaborou coa Compañía SóloDOS, dirixida por Erick Jiménez e Maruxa Salas (España/Costa Rica) e coa Compañía Cuatro x Cuatro, dirixida por Shanti Vera (México). Actualmente compaxina o seu labor como docente, bailarín e coreógrafo, e dirixe a súa propia compañía: Tejido Conectivo.

Andrea Amor, licenciada en Belas Artes e formada en danza contemporánea en Espacio En Blanco con Miguel Ángel Punzano · Tejido Conectivo ou en Estudio Amelia Caravaca, Descalzinha danza, Tanzfabrik ou Laborgras Studio.

É creadora e intérprete xunto a Miguel Ángel Punzano e traballa para outras compañías como Los Pica-pica, Camille Hanson e Antagon Theateraktion.



Foto Daniel Pittet



Foto Manu Lago



Foto Manu Lago